

1^{de} MAIO DÍA INTERNACIONAL DA CLASE OBREIRA

TRABALLO DIGNO

Desde a CIG chamamos a facer deste 1º de Maio unha gran xornada de mobilización nas rúas de Galiza na reivindicación de **TRABALLO DIGNO**.

Pola paz, non á guerra. Palestina vencerá!

Este ano o 1º de Maio, día do internacionalismo proletario, facemos un berro mundial pola **POLA PAZ E A SOBERANÍA DOS POBOS, CONTRA O IMPERIALISMO**.

Cómpre denunciarmos o belicismo e apoloxía da guerra que a UE, en entusiasta obediencia aos Estados Unidos (EUA) e ás misións da OTAN, está axitando para disimular manterse á fronte dun mundo que camiña a ser irreversiblemente multipolar e a rachar coa globalización

neoliberal, co imperialismo que os EUA queren manter a lume, sangue e morte.

A guerra prolongada en Europa e o apoio a Israel no seu xenocidio ao pobo palestino son o exemplo da crueldade do chamado “Occidente civilizado e democrático” por negarse a recoñecer unhas relacións internacionais sen subordinacións, sen explotación nin dependencias, que respecte, tamén nas propias fronteiras da UE, o dereito de autodeterminación dos pobos e nacións que a integran, para así liderar a construción dun mundo moi necesitado de xustiza, solidariedade, cooperación, igualdade e paz.

Pola mellora da capacidade adquisitiva dos salarios

Neste contexto, vemos que o día a día que temos que afrontar é con altos prezos da cesta da compra, cunha baixa capacidade adquisitiva dos salarios e das pensións, co aumento da precariedade pola xeneralización da contratación a tempo parcial e fixa discontinua, a medra da poboación

en risco de pobreza e de exclusión social, que son o resultado da aplicación dunha política laboral do Goberno español e do diálogo social. Estamos ante a acción dun Goberno español que non restitúe nin recoñece dereitos senón que substitúe dereitos sociais por programas de beneficencia.



1^{de} MAIO **DÍA INTERNACIONAL DA CLASE OBREIRA**

Confrontar o espolio e as políticas económicas neoliberais dos Gobiernos

Unha vez que remata a permanente propaganda do autoproclamado “gobierno español máis progresista da historia”, queda ao descuberto a realidade das súas políticas neoliberais e da aplicación do programa de reformas que o plan de axuste europeo impón para acceder aos envelenados e soados fondos Next Generation.

A recente renovación da maioría absoluta do PP en Galiza e a súa conformidade con estas políticas e con todas aquelas que reforcen a dependencia económica e política de Galiza ao sistema

español, está a significar a negación dun desenvolvemento galego propio para frear o aumento do empobrecemento das clases populares.

É un Goberno obsesionado coa privatización dos servizos públicos e que está entregado ás grandes empresas que veñen espoliar e explotar de forma colonial os nosos recursos naturais mentres avanza o avellentamento da poboación, a desertización social e industrial de moitas comarcas e a continua emigración por falta de emprego.

Solidariedade de clase e mobilización contra o saqueo

Por todo isto, ante esta crítica situación, neste 1º de Maio, é necesario que desde a maioría social nos mobilicemos, nos centros de traballo e tamén nas rúas. Non podemos permitir que ante esta situación impoñan a desmobilización para facilitar un endurecemento das políticas reaccionarias, antisociais e antigalegas que os diferentes gobernos e a UE pretenden seguir desenvolvendo como o veñen facendo desde hai anos.

Cómpre confrontarmos o roubo e saqueo que estamos a vivir; necesitamos que a solidariedade

e unidade da clase traballadora e do pobo galego siga demostrando que pode con todo, que ten unha enorme capacidade de acción.

Temos que saír ás rúas reclamando **STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO**, en prol dun marco galego de relacións laborais, dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos e regulacións, da demanda dun Plan galego de recuperación económica, industrialización, creación de emprego digno e do reforzo dos servizos públicos en Galiza.

Mobilizacións:

Vigo: 12h. A Dobrada

Cangas: 18h. Praza do Concello

